

# QUENTEFRIO

## UNHA PEZA DE XACIO BAÑO

Sobre as expectativas na vida, as ilusións rotas, os soños truncados e os anos tirados polo sumidoiro.

### ORIXE

A idea xurdeume precisamente na ducha. Non recordo se estaba en metade dunha crise sentimental, ou algo polo estilo, pero sei que había unha muller na miña vida e que as cousas non ían todo o ben que desexaba. Así que na ducha ocorréuseme a idea de que do mesmo grifo tirasen dúas mans, a do home e a da muller, cada unha para o seu lado, e como sería a relación se tiraba máis o home ou se tiraba máis a muller, como serían as personalidades de un e de outro dependendo da posición da chave etc. E cal sería o punto no cal os dous estiveran felices.

### A PEZA

Partindo de fotografías e apoiándose en sons, a peza conta a vida dunha muller que coñece a un home. Fanse mozos, casanse, son felices, teñen fillos, todo lle sorrí ata o momento en que o home cambia, saca a súa verdadeira personalidade e trata de someter a muller.

Lonxe de ter o maltrato coma tema principal, a peza fala das ilusións rotas, dos futuros incertos, de virse abaixo plans de vida, futuros comúns e do fracaso.

### EQUIPO E DATOS TÉCNICOS

Unha produción de **REBORDELOS Man Muller** **María Zaragoza**  
**Man Home Miguel Cuba** **Dir. de Fotografía Lucía C. Pan**  
Unha peza de **Xacio Baño**

GRAVADO EN ALFREDO BRAÑAS Nº10, 3ºB, - SANTIAGO DE COMPOSTELA NUNHA TARDE DE FEBREIRO DO 2009.

POSTPRODUCIDO EN DÚAS SEMANAS DO MES DE XULLO.

### QUENTEFRIO

Xénero: Videocreación – Experimental.

Duración: 2:40 min

Ano: 2009.

Idioma: Galego.

Formato: 16:9 – PAL

Nacionalidade: Española.

Título castelán: “Calientefrio”

Título internacional: “Hotcold”